



Os gardas do millo corvo

P Para seguir coa tradición comezada polos nosos “amigos” cuadrúpedos con cara de porco, un ano máis, as desfeitas que ocasionaron (os xabaríns) nas súas incursións culinarias nos cultivos de millo corvo foron desmoralizantes.

Pero non menos decepcionante foi a evasiva obtida como resposta as nosas demandas e peticións reiteradas durante anos ante a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, competente nesta materia.

Co cambio producido no goberno da Xunta de Galicia e co nomeamento de novos responsables, solicitamos unha entrevista co delegado provincial de Medio Ambiente para amosarlle a nosa problemática e transmitirllle a nosa preocupación pola situación, solicitándolle unha urxente solución as nosas demandas.

As peticións realizadas pola asociación e veciños do Concello de Bueu non eran outras que a instalación de medidas efectivas para evitar que se producisen máis desfeitas nas colleitas de millo, o control efectivo da poboación de xabaríns na zona, e a tasación e posterior indemnización dos danos ocasionados.

Na entrevista que nos concedeu o Delegado Provincial en

setembro de 2005, comprometeuse a informarnos sobre as solucións acadadas nas reunións mantidas cos responsables dos tecores societarios e cos agricultores.

A data de hoxe, marzo do 2006, non obtivemos ningunha información ó respecto a pesar de solicitar en dúas ocasións a información prometida. Polo tanto, non sabemos a que acordos tomaron e se atoparon unha solución conxunta para paliar os efectos dos xabaríns.

É moi triste ver como cada ano máis leiras quedan sen cultivar. O monte achegase máis a carón das casas, co perigo que supón en caso de que se produza un incendio.

Este ano, ademais das medidas caseiras (velas, música, pelo, ...) utilizadas xa en anos anteriores, a Asociación Cultural Meiro contou coa inestimable axuda dos “gardíans do millo corvo”, que velaron pola integridade das espigas e dos milleiros.

Tono e Isma, acompañados por Sarda e Rex, foron os que en cada anoitecer se encargaban de ir as leiras de Casalgorde e Agrosouto (onde está plantado o millo corvo) e vixiaban que non fose a máis os danos xa ocasionados. Grazas ós catro.

